

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE XANEIRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous de xaneiro de 2025, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación da acta da Xunta de Goberno Local ordinaria do 26 de decembro de 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. INTERVENCIÓN.- Acórdase a aprobación do proxecto do orzamento do Excmo. Concello de Lugo para o exercicio 2025 e documentación complementaria.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a 1ª prórroga do contrato do servizo de mantemento, conservación e reparacións das instalacións deportivas municipais do Concello de Lugo (exp. ref. 2023/C003/000029).

Tamén se acorda a delegación de competencias no Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Dinamización Económica e RRII para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coa contratación do controlador de primeiro nivel do proxecto socilibre (cp: 242410002) exp 2025/C003/00002.

3. FOMENTO.- Acórdase aprobar o convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A., e o Concello de Lugo para o outorgamento de

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac5866932397102700984.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-1-2025

concesión administrativa sobre o edificio da central hidroeléctrica fábrica da luz.

4. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento dun funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de encargado de mercados (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C2); escala: administración especial; subescala: servizos especiais).

Tamén se acorda a aprobacilón das bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de operarios/as de xardíns pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OEP 2024).

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

5. EDUCACIÓN.- Acórdase a validación do gasto relativo ao pagamento á consellería de política social da Xunta de Galicia da taxa pola autorización para a realización das obras relativas ao proxecto de adecuación da Escola Infantil Serra de Outes. Procedemento BS103K.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

6. MERCADOS.- Acórdase aprobar a relación de persoas vendedoras do mercado tradicional 2025.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.